

MUXÍA: O CHAPAPOTE NON RESPECTA A CAMPAÑA ELECTORAL

Hoxe, domingo día 11, un continxente de voluntarios foron a Muxía. Este grupo, coordinado por ADEGA, estivo constituído por xente de Lugo e de Santiago. En total 22 persoas, ós que se axuntaron outros voluntarios que levaban algúns días en Muxía, ata un total de 30. Eran os únicos a limpar hoxe o chapapote nos coídos ; como sabemos, o alcalde di que non se precisa o traballo dos voluntarios naquela zona. Tivo que se-la xente do mar quen reclamase a presenza destes perante a persistencia do fuel nas rochas e a chegada de máis.

Sacaron unha tonelada e media de piche. E o estado da costa no lugar non é para estar nada optimistas. O grupo traballou no coído mais próximo a Muxía; había chapapote sobre as rochas e, sobre todo, baixo delas, onde encontraron verdadeiras bolsas. Coa calor que fixo hoxe, desprendéronse vapores contaminantes, e iso foi a causa de que seis persoas tivesen que ser atendidas polo persoal sanitario que acompañaba ao grupo (un médico e unha enfermeira).

A xente do litoral está moi queixosa, non só pola falta de axuda, senón porque o sistema empregado para limpa-las penas (con máquinas hidrolimpadoras) fai que estas fiquen completamente limpas , incluso de calquera resto de organismos vivos. Destrúen o pouco que puido quedar nas pedras. O fuel así levantado vai para o mar moi fragmentado, e isto fai que emulsione facilmente coa auga ou que forme lentellas que voltan para a praia; estas quedan depositadas na area que xa ía ficando limpa, e son moi malas de eliminar por culpa do seu pequeno tamaño.

Agradecemos desde aquí o traballo destes voluntarios, entre os que había persoas de diferentes nacionalidades: Dinamarca, Chequia, Canadá, para alén dos galegos.

NUNCA MÁIS TAMÉN DÁ PREMIOS

Desde que comezou todo -e xa hai seis meses que o *Prestige* empezou a esburacar-houbo outros que canda nós deron testemuño do desastre. Agora queremos recoñecelos: o fotoperiodista Xurxo Lobato (de *La Voz de Galicia*), os periodistas Ánxel Vence (do *Faro de Vigo*), Ana Guantes (Cadea Ser-Vigo) e Enrique Cameselle (de Localia TV-Vigo), xunto co Comité de Empresa da CRTVG, serán distinguidos por nós nun acto público, na cidade olívica o día 13 de maio. Polo seu traballo, o seu compromiso e a resistencia e denuncia ante as presións de ben sabemos quén. Parabéns.



REMATA A VOLTA

Na semana pasada, entre os días 7 e 9, a Volta a Galicia estivo en Lugo. O primeiro día, celebramos no IES "Lucus Augusti" unha mesa redonda, baixo o tí-tulo "*Nunca Máis*: a marea social". Falaron Xosé M. Gon-zález (de *MM* de Lugo), Luís Díaz (dos sanitarios de *MM*), o historiadador Lourenzo Fernández Prie-to e o escritor Paco Martín. Malia haber outros actos de relevo na cidade a esa mesma hora, asis-tiu unha boa cantidade de per-soas, que apreciaron as diversas intervencións (particularmente un memorable texto lido por Paco Martín) e participaron nun coloquio ata máis aló das dez da noite.

O día 8 pasou por aquí a Volta propiamente dita. Desde Rába-de, portaron a testemuña un grupo de motoristas ata entregárenllela, na beira do río, a varios xinetes; logo saíron río abaixo as piraguas, e na ponte nova, xa á altura da cidade, desenvolveuse o acto máis espectacular: a coordinadora nacional da Volta, Helena Pintos, botouse desde o viaducto para lles entrega-la testemuña ós piragüistas; no Clube Fluvial recolleuna un grupo de atletas que, engrosado en varias partes do percorrido, chegou á fin da etapa, na Praza Maior. Podemos dicir que nesta houbo ambiente con *Nunca Máis* durante unha boa parte da tarde: postos, música, a Mostra da Volta e moita xente que se achegou ata onda nós. Sobre as 21:00, un emocionado Xerardo Pardo de Vera leu o manifesto, a Primeira Tenente de Alcalde recibiu a testemuña e anunciou que esta quedaba en custodia, no concello, ata o día seguinte.

Na mañá do 9, cediño, o Alcalde despediu os corredores que saíron para Conturiz, e alí varios ciclistas colleron o relevo, camiño da Pobra de San Xiao.

O domingo día 11, a Volta a Galicia con *Nunca Máis* rematou en Santiago. Coa lectura do manifesto (polo capitán do Compostela) e os Xogos do Chapapote, remataban vintedous días de leva-la nosa mensaxe -e o recordatorio da catástrofe non concluída- por todo o país.